

## RÚBRICA PARA AVALIAR O RETO RADIOFÓNICO

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
<b>Uso da lingua</b>	Uso axeitado, creativo e natural da lingua. Vocabulario preciso, extenso e con detalle. Dominio e adecuación da entoación.	Uso correcto da lingua con poucos erros. Vocabulario adecuado ao contexto. Boa pronuncia e entoación.	Uso da lingua con bastantes erros, pero a mensaxe xeral é comprensible. Vocabulario básico. Pronuncia aceptable.	Erros gramaticais e de vocabulario moi frecuentes que dificultan gravemente a comprensión. Pronuncia deficiente.
<b>Contido e estrutura</b>	Contidos orixinais, moi atractivos e excelentemente desenvolvidos. Estrutura impecable, dinámica e creativa. Guión exemplar.	Contidos interesantes e ben organizados. Estrutura clara con introdución, seccións definidas e conclusión. Guión claro.	Contidos sinxelos, con algunha coherencia. Estrutura básica presente pero pouco definida. Guión esquemático.	Contidos pouco relevantes ou confusos. Sen estrutura clara (introdución, desenvolvemento, conclusión). Guión pobre.
<b>Presentación e calidade técnica e sonora</b>	Son excelente, profesional. Música/efectos moi ben elixidos, creativos e que potencian a mensaxe.	Son claro e con pouco ruído. Calidade da gravación aceptable. Música/efectos axeitados e ben integrados.	Son comprensible con algo de ruído. Calidade da gravación básica. Música/efectos escasos ou pouco integrados.	Son inaudible ou con moito ruído de fondo. Mala calidade da gravación. Ausencia de música ou efectos, ou mal uso.

<b>Expresión oral e locución</b>	Locución brillante, con grande expresividade, ritmo e dominio da voz. Vocalización impecable. Captura a atención do ou da oínte.	Voz clara e con boa vocalización. Entusiasmo perceptible. Fluidez adecuada. Ton de voz correcto e agradable.	Voz algo monótona, con pouca modulación. Vocalización e fluidez mellorables. Ton de voz basicamente aceptable.	Voz monótona, sen entusiasmo. Dificultades de vocalización e fluidez. Ton de voz inadecuado.
<b>Creatividade e orixinalidade</b>	Programa excepcionalmente creativo e innovador, con ideas sorprendentes e un estilo persoal moi marcado.	Programa con algúns elementos creativos e orixinais na temática ou no formato. Achegas persoais evidentes.	Programa con poucos elementos orixinais. Ideas sinxelas e comúns, con escasa achega persoal.	Programa pouco orixinal, sen elementos propios. Repetición de ideas vistas.



“Rúbrica para avaliar o reto radiofónico” do proxecto cREAgal, publícase coa  
[Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

